

Notas sobre o informe de transferencia de datos

A. Os seguintes datos do informe: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 13, 14, 15, 16, 18 e 19 só se poderán cubrir de se poderen obter da unidade intravehicular ou da documentación do vehículo en que a unidade intravehicular está correctamente instalada. Cando non sexa posible, coas pautas anteriores, cubrir algún dato, porase un guión. No dato 17 farase constar SI cando a unidade intravehicular estea correctamente instalada; noutro caso, farase constar NON.

B. A transferencia de datos só se porá á disposición «da empresa de transportes que corresponda» que é a empresa que utilizou a súa propia tarxeta de empresa para salvagardar os seus datos na unidade intravehicular.

C. Só os datos relativos «á empresa de transportes que corresponda» se porán á disposición da devandita empresa.

D. Débese presentar ao centro técnico un documento que avale a titularidade dos datos por parte da empresa de transportes interesada, ben directamente, por unha autorización ou por un representante, de forma que lle permita ao centro técnico verificar e arquivar a identidade da titularidade.

E. A solicitude dunha copia dos datos transferidos débese solicitar ao centro técnico que emitiu este informe. Os procedementos de remisión que se admiten son: en man a unha persoa, por correo electrónico ou pola internet, por empresa de mensaxaría, por correo certificado. O solicitante debe avaliar a confidencialidade dos datos transferidos para o procedemento de remisión que elixa. O centro técnico non será responsable da violación da confidencialidade dos datos durante a súa remisión.

F. Os datos recuperados da unidade intravehicular identificada neste informe gardaranse no centro técnico durante un ano desde a data da transferencia. Unha vez cumprido o devandito prazo, os datos serán destruídos

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

6308 *REAL DECRETO 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor dos traballadores con discapacidade.* («BOE» 94, do 20-4-2005.)

O Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, polo que se establecen medidas alternativas de carácter excepcional ao cumprimento da cota de reserva do dous por cento en favor de traballadores discapacitados en empresas de 50 ou máis traballadores, desenvolveu regulamentariamente o disposto no artigo 38.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos, que establece que as empresas públicas e privadas que empreguen 50 ou máis traballadores estarán obrigadas a que, polo menos, o dous por cento destes sexan traballadores con discapacidade, e inclúe, así mesmo, a posibilidade de que, excepcionalmente, os empresarios obrigados ao cumprimento da referida cota de reserva poidan quedar exentos desta obriga, cando así se recolla en acordos dentro dunha negociación colectiva sectorial de ámbito estatal ou, no seu defecto, de ámbito inferior, ou por opción voluntaria do empresario, debidamente comunicada á autoridade

laboral, sempre e cando se apliquen as medidas alternativas que se determinen regulamentariamente.

Na xestión dos procedementos establecidos no mencionado Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, detectáronse dificultades e disfuncións que obstaculizan a correcta aplicación das medidas alternativas previstas, o que aconsella a simplificación e axilización dos devanditos procedementos, e neste sentido a disposición adicional terceira do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, estableceu un prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para proceder á modificación do citado Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de abril de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Cumprimento alternativo da obriga de reserva de cadro de persoal en favor dos traballadores con discapacidade. Supostos excepcionais para a exención.*

1. As empresas públicas e privadas que estean obrigadas a contratar persoas con discapacidade nos termos previstos no artigo 38.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos, poderán excepcionalmente quedar exentas desta obriga, tal e como prevé o referido artigo, de forma parcial ou total, ben a través de acordos recollidos na negociación colectiva sectorial de ámbito estatal e, no seu defecto, de ámbito inferior, a teor do disposto no artigo 83.2 e 3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ben, en ausencia daqueles, por opción voluntaria do empresario, polos motivos establecidos no punto seguinte, sempre que en ambos os supostos se aplique algunha das medidas substitutorias, alternativa ou simultaneamente, que se regulan neste real decreto, en desenvolvemento da mencionada Lei 13/1982, do 7 de abril.

2. Entenderase que concorre a nota de excepcionalidade nos seguintes supostos:

a) Cando a non-incorporación dun traballador con discapacidade á empresa obrigada se deba á imposibilidade de que os servizos públicos de emprego competentes, ou as axencias de colocación, poidan atender a oferta de emprego presentada despois de teren efectuadas todas as xestións de intermediación necesarias para daren resposta aos requirimentos daquela e concluída con resultado negativo, pola inexistencia de demandantes de emprego con discapacidade inscritos na ocupación indicada ou, mesmo existindo, cando acrediten non estaren interesados nas condicións de traballo ofrecidas na devandita oferta.

b) Cando existan, e así o acredite a empresa obrigada, cuestións de carácter produtivo, organizativo, técnico ou económico que motiven a especial dificultade para incorporar traballadores con discapacidade ao cadro de persoal da empresa. Como acreditación das devanditas circunstancias, os servizos públicos de emprego poderán exixir a achega de certificacións ou informes de entidades públicas ou privadas de recoñecida capacidade, distintas da empresa solicitante.

3. As empresas sinaladas no punto 1 deberán solicitar dos servizos públicos de emprego competentes a declaración de excepcionalidade con carácter previo á adopción das medidas alternativas reguladas neste real decreto.

Cando a causa de excepcionalidade que se alegue sexa a recollida no punto 2.a), os servizos públicos de emprego competentes resolverán sobre a solicitude presentada, e declararán, se é o caso, a inexistencia total ou parcial de demandantes de emprego, con mención expresa das ocupacións solicitadas. Para a devandita resolución deberase ter en conta a certificación expedida para o efecto pola oficina de emprego que xestione a oferta presentada. A declaración de excepcionalidade e a adopción das medidas alternativas recollidas no artigo 2 estará limitada ao número de vacantes para traballadores con discapacidade que, tras a tramitación da correspondente oferta de emprego, resultase imposible cubrir. Cando a oferta se presentase ante unha axencia de colocación, o resultado negativo, se é o caso, da sondaxe de demandantes de emprego con discapacidade remitiráselle ao servizo público de emprego competente que, logo das actuacións de comprobación que se coiden pertinentes, resolverá ao respecto.

Cando a causa de excepcionalidade que se alegue sexa a recollida no punto 2.b), os servizos públicos de emprego competentes resolverán sobre a concorrencia das causas alegadas na solicitude.

En ambos os supostos o prazo para resolver sobre a excepcionalidade solicitada será de dous meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido o devandito prazo sen que recaia resolución administrativa expresa, entenderase que esta é positiva.

4. A declaración de excepcionalidade a que se fai referencia neste artigo terá unha validez de tres anos desde a resolución sobre ela. Transcorrido o prazo de validez da declaración de excepcionalidade, as empresas deberán solicitar unha nova declaración, no caso de persistir a obriga principal.

Artigo 2. *Medidas alternativas.*

1. As medidas alternativas que as empresas poderán aplicar para cumprir a obriga de reserva de emprego en favor das persoas con discapacidade son as seguintes:

a) A celebración dun contrato mercantil ou civil cun centro especial de emprego, ou cun traballador autónomo con discapacidade, para a subministración de materias primas, maquinaria, bens de equipamento ou calquera outro tipo de bens necesarios para o normal desenvolvemento da actividade da empresa que opta por esta medida.

b) A celebración dun contrato mercantil ou civil cun centro especial de emprego, ou cun traballador autónomo con discapacidade, para a prestación de servizos alleos e accesorios á actividade normal da empresa.

c) Realización de doazóns e de accións de patrocinio, sempre de carácter monetario, para o desenvolvemento de actividades de inserción laboral e de creación de emprego de persoas con discapacidade, cando a entidade beneficiaria das devanditas accións de colaboración sexa unha fundación ou unha asociación de utilidade pública cuxo obxecto social sexa, entre outros, a formación profesional, a inserción laboral ou a creación de emprego en favor das persoas con discapacidade que permita a creación de postos de traballo para aquelas e, finalmente, a súa integración no mercado de traballo.

d) A constitución dun enclave laboral, logo de subscrición do correspondente contrato cun centro especial de emprego, de acordo co establecido no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade.

2. O importe anual dos contratos mercantís ou civís con centros especiais de emprego ou con traballadores autónomos con discapacidade e dos contratos entre os centros especiais de emprego e as empresas colaborado-

ras para a constitución de enclaves laborais das medidas previstas nas alíneas a), b) e d) do punto anterior deberá ser, polo menos, tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual por cada traballador con discapacidade deixado de contratar por debaixo da cota do dous por cento.

O importe anual da medida alternativa prevista na alínea c) do punto anterior deberá ser, polo menos, dun importe de 1,5 veces o IPREM anual por cada traballador con discapacidade deixado de contratar por debaixo da cota do dous por cento.

Artigo 3. *Determinación das medidas alternativas que se deban adoptar.*

As empresas, para optaren por algunha das medidas alternativas recollidas no artigo 2, deberán solicitalo con carácter previo á súa aplicación, de forma conxunta coa solicitude de declaración de excepcionalidade, facendo expresión do seguinte:

a) No caso de optar por calquera das medidas alternativas previstas no artigo 2.1.a) e b), consignarase o contratista, o obxecto do contrato, o número de traballadores con discapacidade a que equivale a contratación e o importe e duración da medida.

b) Cando se opte pola utilización da medida prevista no artigo 2.1.c), recollerase a fundación ou asociación de utilidade pública destinataria, o número de contratos con traballadores con discapacidade aos cales vaia substituír e o importe da medida.

c) Cando se opte pola utilización da medida prevista no artigo 2.1.d), recolleranse os datos identificativos do centro especial de emprego co cal se subscriba o correspondente contrato, o número de traballadores con discapacidade que se van ocupar no enclave laboral e o número de traballadores con discapacidade deixados de contratar por debaixo da cota do dous por cento a que equivalen.

Os servizos públicos de emprego resolverán sobre a declaración de excepcionalidade e as medidas alternativas aplicadas nunha mesma resolución administrativa, á cal lle será de aplicación o disposto no artigo 1.3.

Artigo 4. *Obrigas dos centros especiais de emprego e das fundacións e asociacións de utilidade pública.*

1. Os centros especiais de emprego que celebren contratos dos previstos nas medidas previstas no artigo 2.1.a), b) e d) deberán destinar os recursos necesarios para o cumprimento das obrigas relativas, ademais de á prestación de servizos de axuste persoal ou social que requiran os seus traballadores con discapacidade, ás precisas para desenvolver accións que promovan o seu tránsito cara ao mercado de traballo non protexido, tales como a formación permanente dos traballadores con discapacidade ou a adaptación destes ás novas tecnoloxías.

2. As fundacións ou asociacións de utilidade pública a que se refire a medida prevista no artigo 2.1.c) destinarán as doazóns ou accións de patrocinio ás actividades que se indican nel.

3. Anualmente, os centros especiais de emprego e as entidades referidas na medida prevista no artigo 2.1.c) presentarán ante o servizo público de emprego correspondente unha memoria sobre a tipoloxía das accións que se realizaron e os recursos financeiros aplicados ás devanditas accións.

Artigo 5. *Seguimento.*

Os servizos públicos de emprego efectuarán o seguimento do cumprimento da adopción das medidas e das

obrigas establecidas neste real decreto, nos termos que se recollan na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 6. *Competencia.*

1. A competencia para ditar as resolucións e efectuar o seguimento a que se refire este real decreto corresponderalles ao Servizo Público de Emprego Estatal ou aos servizos públicos de emprego autonómicos en razón do territorio en que estea situada a empresa.

Cando a empresa estea situada no territorio dunha soa comunidade autónoma, a competencia será exercida polo servizo público de emprego da devandita comunidade autónoma, salvo que esta non teña transferidas as competencias en materia de políticas activas de emprego; neste caso, a competencia exerceraa o Servizo Público de Emprego Estatal.

Cando a empresa dispoña de centros de traballo en máis dunha comunidade autónoma, a competencia corresponderalle ao Servizo Público de Emprego Estatal. Non obstante, no suposto de que polo menos o 85 por cento da cadro de persoal radique no ámbito territorial dunha comunidade autónoma, será competente o servizo público de emprego da devandita comunidade autónoma.

2. Cando en aplicación do disposto no punto anterior a competencia lle corresponda ao Servizo Público de Emprego Estatal, será exercida polo director provincial do Servizo Público de Emprego Estatal competente no territorio onde estea situada a empresa ou, se esta dispón de centros de traballo situados en máis dunha provincia ou comunidade autónoma, polo director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional primeira. *Cuantificación da obriga de reserva.*

Para os efectos do cómputo do dous por cento de traballadores con discapacidade en empresas de 50 ou máis traballadores, teranse en conta as seguintes regras:

a) O período de referencia para o devandito cálculo serán os 12 meses inmediatamente anteriores, durante os cales se obterá a media de traballadores empregados, incluídos os contratados a tempo parcial, na totalidade de centros de traballo da empresa.

b) Os traballadores vinculados por contratos de duración determinada superior a un ano computaranse como traballadores fixos de cadro de persoal.

c) Os contratados por termo de ata un ano computaranse segundo o número de días traballados no período de referencia. Cada 200 días traballados ou fracción computaranse como un traballador máis.

Cando o cociente que resulte de dividir por 200 o número de días traballados no citado período de referencia sexa superior ao número de traballadores que se computan, terase en conta, como máximo, o total dos devanditos traballadores.

Para os efectos do cómputo dos 200 días traballados previsto nos parágrafos anteriores, contabilizaranse tanto os días efectivamente traballados como os de descanso semanal, os días festivos e as vacacións anuais.

Disposición adicional segunda. *Comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión.*

As comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación poderán acomodar o procedemento establecido neste real decreto ás normas propias da súa organización interna.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en tramitación.*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto ao abeiro do Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, polo que se establecen medidas alternativas de carácter excepcional ao cumprimento da cota de reserva do dous por cento en favor de traballadores discapacitados en empresas de 50 ou máis traballadores, continuarán tramitándose conforme as normas que rexían na data da súa iniciación.

Disposición transitoria segunda. *Enclaves existentes no momento da entrada en vigor do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro.*

Ás empresas colaboradoras que teñan constituídos enclaves laborais anteriores á entrada en vigor do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, e que opten pola aplicación dos devanditos enclaves como medida alternativa non lles serán de aplicación os procedementos regulados nos artigos 1 e 3 deste real decreto. Non obstante, estarán obrigadas a lle comunicar a devandita opción ao servizo público de emprego competente, con indicación dos datos recollidos no artigo 3.c).

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, polo que se establecen medidas alternativas de carácter excepcional ao cumprimento da cota de reserva do dous por cento en favor de traballadores discapacitados en empresas de 50 ou máis traballadores, excepto a súa disposición adicional segunda, referida á adecuación normativa do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, sobre emprego selectivo e medidas de fomento de emprego dos traballadores minusválidos, que continuará en vigor.

Así mesmo, queda derogada, en canto se opoña ao establecido neste real decreto, a Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 24 de xullo de 2000, pola que se regula o procedemento administrativo referente ás medidas de carácter excepcional ao cumprimento da cota de reserva do dous por cento en favor de traballadores discapacitados en empresas de 50 ou máis traballadores, reguladas polo Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento e execución.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Así mesmo, o ministro de Traballo e Asuntos Sociais poderá modificar os módulos dos contratos mercantís ou civís ou outras medidas alternativas que serven de base para determinar o cumprimento da obriga alternativa. Igualmente, á vista da experiencia na aplicación da medida alternativa prevista no artigo 2.1.c), poderá modificar a determinación das entidades beneficiarias.

Disposición derradeira segunda. *Actualización da relación identificativa de centros especiais de emprego.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, ou o organismo competente da comunidade autónoma, manterá actualizada unha relación identificativa de centros especiais de emprego para facilitar a aplicación das medidas alternativas reguladas neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

Dado en Madrid o 8 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6500 *ORDE PRE/1041/2005, do 19 de abril, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establece os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal. («BOE» 96, do 22-4-2005.)*

O Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal incorporou, entre outras, ao ordenamento xurídico interno a Directiva 90/642/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1990, relativa á fixación dos contidos máximos de residuos de praguicidas en determinados produtos de orixe vexetal, incluídas as froitas e hortalizas.

O citado Real decreto 280/1994 foi modificado por última vez polo Real decreto 198/2000, do 11 de febreiro, e o seu anexo II foi modificado en 31 ocasións para actualizar o seu contido, facendo uso da facultade concedida ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa modificación de acordo coa súa disposición derradeira primeira.

A Directiva 90/642/CEE foi modificada por última vez mediante a Directiva 2004/95/CE da Comisión, do 24 de setembro de 2004, que modifica a Directiva 90/642/CEE do Consello, no que atinxe aos límites máximos de residuos de bifentrina e famoxadona fixados nela, e a Directiva 2004/115/CE da Comisión, do 15 de febreiro de 2004, pola que se modifica a Directiva 90/642/CEE do Consello, no

que atinxe aos límites máximos de residuos dalgúns praguicidas fixados nela.

Faise, pois, necesario incorporar ao ordenamento xurídico interno ambas as directivas modificando o anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, unha vez emitido o informe sobre o proxecto pola Comisión Conxunta de Residuos de Produtos Fitosanitarios, así como pola Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

No procedemento de elaboración da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 280/1994.*

1. Modifícase o anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, mediante a substitución dos límites máximos de residuos (LMR) que nel figuran para as substancias activas bifentrin, famoxadona, metomilo, tiodicarb, miclobutanilo, ditiocarbamatos, fenpropimorf, metalaxil, metalaxil-m, penconazol, iprovalicarb, azoxistrobin e fenhexamida.

2. Os límites máximos de residuos (LMR) que se fixan para as substancias activas mencionadas no punto 1 deste artigo son os que figuran nas respectivas táboas do anexo da presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Non obstante, os límites máximos de residuos (LMR) correspondentes ás substancias activas metomilo, tiodicarb, miclobutanilo, ditiocarbamatos, fenpropimorf, metalaxil, metalaxil-m, penconazol, iprovalicarb, azoxistrobin e fenhexamida aplicaranse a partir do día 23 de xuño de 2005.

Madrid, 19 de abril de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.